

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, dicitou a seguinte **RESOLUCION**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José Antonio López Rodríguez
(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente).

VOCALIS

D. Luis M^º Muíños Vidueira
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta).
Dña. M^ª Luisa Pardavila Pazos
(Avogado polo Colexio da provincia).
D. Manuel Francisco Gutiérrez
(Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais).

VOCALIS REPRESENTANTES DA PARROQUIA DE FOZARA DO CONCELLO DE PONTEAREAS.

D. Benigno Cuevas Bugarín.
Dña. Teresa Represas Represas.

SECRETARIA

Dña. M^ª José León Gómez
(Xefe do Servizo Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente).



Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día tres de abril do 2002, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, réunese na 3ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación dos montes "Caneiro e As Pías" da parroquia de Fozara do concello de Pontearreas.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data 24 de outubro de 1997, D. Benigno Cuevas Bugarín, en nome e representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Fozara, solicitou a clasificación como veciñais en man común dos montes "Caneiro e As Pías" sitos na parroquia de Fozara do concello de Pontearreas.

SEGUNDO.- D. Juan Casiano Fandiño García, en representación de D. Manuel Táboas Carrera, presentou escrito interesando que se lle tivera por parte no expediente, achegando unha escritura pública do 04/08/75, referente a unha permuta de terreos co concello de Pontearreas.

TERCEIRO.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais na súa reunión de data 21/07/99 acordou iniciar os trámites para a clasificación dos montes "Caneiro e As Pías", así como a remisión do expediente ó Servizo de Montes e Industrias Forestais da Delegación Provincial de Medio Ambiente co obxecto de elaborar o informe preceptivo.

CUARTO.- En reunión de data 19/10/00, o Xurado acordou nomear a Dna. Isabel Catoira Lamela como Instructor do expediente de clasificación.

QUINTO.- Cumprida e observada a tramitación legal e regulamentariamente esixida, procedeuse á apertura do trámite de audiencia formulándose polo solicitante as alegacións que considerou oportunas nas que discrepa coa descripción do monte "Caneiro" no límite Norte.

SEXTO.- Por acordo do Xurado na reunión celebrada en data 12/12/01, noméase novo Instructor do expediente a Dna. M^a Luisa Pardavila Pazos.

SEPTIMO.- Pola Instructora do expediente maniféstase que, á vista do informe emitido polo Servizo de Montes e Industrias Forestais e efectuada visita ó terreo, os montes "Caneiro e As Pías" obxecto do presente expediente de clasificación obedecen á seguinte descripción:

NOME DO MONTE: Caneiro.

CABIDA: 12,21 Has. aproximadamente

LINDES:

NORTE: Propiedades particulares de Enrique Groba Otero, Luz Gándara Antela, Emilio Rodríguez Pérez, Juan J. Rodríguez González, Aurelia Gandara Bugaría, José Otero Otero, Benjamín González López, Manuel Táboas Carrera e outros.

SUR: Río Tea e propiedades particulares de Manuel Amoedo Coto, Herdeiros de Asunción Groba, Carmen Dominguez Táboas, Enrique Groba Otero, Jesús Otero Otero

e outros.

ESTE: Propiedades particulares de Amelia Gándara Bugarín, Enrique Groba Otero, José Nogueira López, M^a Esther Cuevas Bugarín, Amelia Gándara Bugarín, Dolores Barros Méndez, Otilia Cuevas Bugarín, José Otero Otero e outros.

OESTE: Río Tea.

DESCRIPCIÓN: O Monte Caneiro está atravesado de N a S pola estrada Pontearreas-Pazos, e presenta un enclavado con varios propietarios na súa zona Oeste.

NOME DO MONTE: "As Pías".

CABIDA: 1,64 Has. aproximadamente

LINDES:

NORTE: Propiedades particulares de Herdeiros de Malvina Natal Castellano, Herdeiros de Odilio Nogueira García, María López García, Herdeiros de Pilar Villar vello, Josefa Bugarín García, María López García, Jesús Otero Otero, Benjamín González López e outros.

SUR: Propiedades particulares de Josefa Bugarín García, M^a López García e outros, e Río Tea.



LESTE: Propiedades particulares de M^a Antela Codesededa, Ramiro Antela, Dolores Bugarín García, Avenida Alvarez, Ramiro Casal Fernández, Acuicultura de Galicia, S.A., Carmen Redondas García e outros.

OESTE: Río Tea e propiedades particulares de Manuel Pino Rodríguez, Dolores Bugarín García, Manuel Táboas Carrera, Isaura Gándara Cobas e outros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñece-los expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

2.- De conformidade co disposto no artigo 1 da citada Lei 13/1989, do 10 de outubro, e no artigo 1 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, cómpre entender por montes veciñais en man común " ... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños".

Así, según abondosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse

ou non demostrado o aproveitamento veciñal de feito de dito monte por parte dos veciños. No presente expediente o informe preceptivo emitido polo técnico competente acredita a realidade de dito aproveitamento veciñal, quedando así probado que ámbolos dous montes reúnen os requisitos esixidos no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, debendo, polo tanto, clasificarse como montes veciñais en man común.

3.- No referente á descripción do monte "Caneiro", na visita efectuada sobre o terreo, púdose comprobar, na parcela dubitada de 3.093 m², a existencia de signos que acreditan o aproveitamento veciñal, como esquilme.

4.- Non se poden atender as alegacións da Comunidade veciñal solicitante de clasificar co carácter indicado unha parcela ubicada no extremo Norte que a propia Comunidade sinala na planimetría por ela aportada como de Emilio Rodríguez Pérez, sen esquecer que na referida parcela na que existe unha vivenda e está delimitada por muros e construcións industriais non se pudo apreciar ningún aproveitamento veciñal e tampouco a Comunidade acreditou a existencia de aproveitamento.


En consecuencia, vista a Lei Galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, e o seu Regulamento aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación ó caso examinado, propónse pola Instructora e de maneira **unánime** o Xurado **ACORDA:**

Clasificar como veciñais en man común a favor da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da parroquia de Fozara do concello de Pontearcas os montes "Caneiro e As Pías" por terse demostrado no curso do expediente o aproveitamento veciñal de feito en réxime de comunidade sen asignación de cuotas e reunir os requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, correspondéndose coa planimetría elaborada ó efecto que forma parte inseparable da presente Resolución, e de acordo coa descripción, cabida e lindes sinalados no antecedente de feito sexto.

Contra a presente Resolución que poñe fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de novembro, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.



[Handwritten signatures and scribbles]



PLANTA XERAL
ESCALA 1:500
PONTAAREAS DE ABRIL DE 1970



Monte Caneiro
 Sit. Aprox. = 12,1 Ha.

Monte Das Plas
 Sit. Aprox. = 1,1 Ha.

CLASIFICACION DOS MONTES NOVEIADOS "CANEIRO" E "DAS PLAS", CUNDA MONTE VEIGAL EN UNHA COMUNICACION CON VEIGAS DA BAIXADA DE POZARA, PONTEAREAS.

[Handwritten signature]

W. V. T. M. 10/9/70